

ORGANIZA



## III Día do Sendeirista Cainheiras - Entrimo

PATROCINAN



Benvida:

Un ano máis o Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia vos dá a benvida a esta terceira edición do “Día do Sendeirista”. Pretendemos con elo que gocemos todos dunha boa xornada e con esa intención vos estivemos animando a participar.

Este é un día de encontro entre montañeiras e montañeiros no que recordamos as experiencias vividas na montaña. Para esta ocasión escollemos as terras galegas e portuguesas da Serra do Xurés, entre a localidade portuguesa de Cainheiras e o concello ourensá de Entrimo nun percorrido de 18,5km.

Trátase dunha actividade promovida pola F.G.M., que forma parte do seu calendario de actividades deportivas, e cuxa organización facemos con satisfacción.

Comezaremos a ruta na aldea de Cainheiras, por unha pista que pronto deixaremos á nosa dereita para coller un sendeiro. Despois dun suave ascenso, accederemos a unha planicie onde poderemos visitar o dolmen “Casa da Moura”. Retomando a ruta chegaremos á aldea abandonada de As Cortes da Carballeira, coa súa Ermida da Ascensión. Continuando, chegaremos á aldea de Queguas onde, se imos ben de tempo, baixaremos a ver unha fervenza. Pasados Venceáns e Vilar iniciaremos a baixada por unha carballeira ata chegar á área recreativa de “As Perdices” para continuar ata Entrimo, lugar no que daremos por finalizada a nosa ruta e onde agardamos chegar satisfeitos dá xornada sendeirista.

Teléfonos da actividade: 660 69 35 35 e 658 57 40 72